



COMUNICACIÓN DO 5 DE XULLO DE 2017 DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA RELATIVA Á CELEBRACIÓN DUN SORTEO PARA DIRIMIR O EMPATE ENTRE CATRO (4) PERSOAS CANDIDATAS DA LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS PARA A COBERTURA DE DÚAS (2) PRAZAS DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AOS PERMISOS DE EXPLOTACIÓN NA MODALIDADE DE PERCEBE A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO TERRITORIAL DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXÍA.

1. Por resolución de 2 de marzo de 2017, da xefatura territorial da Consellería do Mar da Coruña, convocouse proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de percebe a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Muxía.
2. Por resolución de 5 de xuño de 2017 do xefe territorial da Consellería do Mar da Coruña, publicouse o listado provisional das puntuacións obtidas polas persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de percebe a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Muxía, e as persoas excluídas do proceso. Nesta resolución estableceuse un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para efectuar alegacións ás puntuacións outorgadas. Transcorrido o prazo anterior, ningunha persoa aspirante presentou alegacións ás puntuacións provisionais outorgadas pola resolución de 5 de xuño de 2017.
3. O proceso selectivo foi convocado para oito (8) permisos de explotación polo que o número de persoas aspirantes seleccionadas non poderá ser superior ao de prazas convocadas. Sen embargo, prodúcese un empate por dúas (2) prazas entre catro (4) persoas aspirantes que acadaron 2,15 puntos en total.
4. O apartado 5 do anexo I da resolución de 4 de maio de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación a pé para recursos específicos establece que:

“En caso de producirse empate na puntuación obtida, resolverase mediante sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación”.

Visto o exposto e no exercicio das súas competencias esta xefatura territorial,

COMUNICA:

A celebración dun sorteo para dirimir o empate xurdido entre catro (4) persoas aspirantes para acceder a dúas (2) das oito (8) prazas convocadas no proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación para percebe a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Muxía.

As persoas aspirantes recibirán notificación desta xefatura territorial informándolles da celebración do sorteo público. O resultado do sorteo determinará a posición na lista de reserva das persoas aspirantes non seleccionadas.





Lugar de celebración:

Xefatura Territorial da Coruña da Consellería do Mar
Rúa Ramón y Cajal, 2 – 5º andar (Casa do Mar) - 15006 A Coruña

Data: 12 de xullo de 2017

Hora: 10:00 h en primeira convocatoria - 10:30 h en segunda convocatoria.

Relación de persoas aspirantes empatadas:

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	NIF
FERRIO	ATAN	ALBERTO	78809655V
SAR	MARCOTE	FELIPE	79325117A
SAR	PARGA	ANA ISABEL	47369829H
VILELA	LAGO	LUIS IVAN	78800270Q

Levantárase acta da realización do sorteo que reflectirá a orde de prelación das persoas aspirantes empatadas para continuar a tramitación do proceso de selección.

A Coruña, 5 de xullo de 2017

O xefe territorial

Juan Carlos Barreiro González

